

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Bases para a convocatoria de axudas municipais de emerxencia para cubrir as necesidades básicas como consecuencia da situación de vulnerabilidade provocada pola crise económica do Covid-19

ANUNCIO

Efectuada a aprobación definitiva tácita, ó non terse presentado reclamacións, ás Bases para a convocatoria de axudas municipais de emerxencia para cubrir as necesidades básicas como consecuencia da situación de vulnerabilidade provocada pola crise económica da Covid-19, a continuación publícase o texto íntegro das mesmas en cumprimento do disposto polo artigo 70.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA PARA CUBRIR AS NECESIDADES BÁSICAS COMO CONSECUENCIA DA SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE PROVOCADA POLA CRISE ECONÓMICA DA COVID-19

Primeira. Obxecto

O Concello de Negreira, como Administración local, a máis próxima á cidadanía, non pode ser descoñecedor da crise económica pola que están pasando numerosas familias derivadas das restricións impostas pola covid-19, e na medida das súas posibilidades e competencias debe tomar medidas de axuda aos sectores afectados.

Por iso, coa intención de paliar a dita situación, o obxectivo destas medidas extraordinarias é resolver situacións extraordinarias que afecten persoas ou familias ás que sobreveñan situacións de necesidade xeradas pola crise sanitaria E a súa finalidade é dispensarlles unha atención básica e urxente.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, artigo 22, establece que o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

No mesmo artigo, apartado 2, letra C, establece que poderán concederse de forma directa con carácter excepcional aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. En idéntico sentido pronúnciase o artigo 18.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A competencia para levar a cabo a presente concesión de subvencións encóntrase contida no artigo 25.2.e) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que establece a competencia de "Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social".

Segunda. Bases reguladoras e normativa aplicable

-Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención.

-Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Terceira. Requisitos

Os requisitos deberán reunirse no momento de presentar a solicitude, situación que debe manterse mentres se perciba a subvención. Serán requisitos indispensables para poder recibir subvención:

– Ser **maiores** de 18 anos ou estar emancipados/as legalmente.

– A persoa solicitante deberá ter residencia efectiva e estar empadroada no Concello de Negreira cunha antigüidade igual ou superior a 6 meses.

- Non dispoñer de recursos económicos suficientes para atender a necesidade para a que se solicita a axuda.
- Que a persoa solicitante estea en situación de desemprego, ERTE, ou reducida a súa xornada por motivo de coidados familiares ou que tivese unha perda de ingresos por motivo do estado de alarma e/ou consecuencia deste, ou circunstancias asimiladas.
- No caso de menores ao cargo, debe cumprir coa escolarización e asistencia regular a clase destes, en idade de escolarización obrigatoria.
- Se dentro da mesma unidade familiar existen varias persoas susceptibles de ser beneficiarias desta axuda, só se atenderá 1 única solicitude.
- Todas as situacións contempladas serán valoradas por Servizos Sociais, no caso de incumprir algún dos requisitos previamente mencionados.

Cuarta. Contido das axudas

As axudas de urxencia social aquí reguladas destinaranse a satisfacer unha necesidade primaria e esencial para a subsistencia da persoa e da unidade familiar ou dalgunha circunstancia persoal.

• Aloxamento e mantemento da vivenda. Os conceptos que se inclúen son aqueles relacionados coa vivenda tales como alugueiro, pago da cota de préstamo hipotecario, pago de cuarto en vivenda compartida... así como as prestacións económicas destinadas a cubrir os gastos derivados do mantemento da vivenda (subministración de luz, gas, auga, ou calquera combustible, arranxo de electrodomésticos...), para manter esta en condicións óptimas de habitabilidade.

- Alimentación e hixiene que garanten o dereito básico de alimentación a persoas en situación de vulnerabilidade.
- Axudas para gastos sanitarios non cubertos por outro sistema público.
- Axudas para a escolarización.
- Axudas para a conciliación laboral.
- Axudas para a prevención e promoción social.

No caso de haber varias solicitudes pola mesma persoa interesada, Servizos Sociais priorizará aquela que considere máis necesaria e urxente.

Quinta. Solicitude

As solicitudes presentaranse ante o Rexistro Municipal deste concello. Irán asinadas pola persoa interesada ou polo/a seu representante legal, e poderanse presentar a partir do día seguinte da publicación destas axudas. É posible presentalas de forma telemática. Xunto coa solicitude, achegarase a seguinte documentación adicional:

1. A fotocopia do DNI ou documento de identificación persoal de todos os membros da unidade familiar.
2. A copia, no seu caso, da sentenza de separación, divorcio un calquera resolución xudicial relevante.
3. Os certificados bancarios relativos ao estado de contas do último ano, de todos os conviventes, así como os certificados que acrediten os ingresos do último ano (nóminas, certificados do Sepe...)
4. O certificado acreditativo de estar estudando algún dos membros da unidade familiar.
5. Os documentos que dean orixe á solicitude (reclamacións de cantidades por alugueiro, requirimentos de pago...)
6. A declaración responsable no caso de que sexa imposible xustificar os ingresos.

Esta documentación esixiráselle a aquela persoa que non sexa xa usuaria de Servizos Sociais. Se xa hai un expediente aberto, só se lle requirirá unha actualización destes se a súa situación persoal cambiou. De todas as maneiras, Servizos Sociais poderá pedir calquera outro documento que considere necesario para unha mellor resolución.

A persoa solicitante ten a **obriga de comunicar** calquera cambio que se produza na súa situación económica, persoal ou familiar. No caso de confirmarse a falsidade de datos, ocultación ou non comunicación dos cambios, **retirarase a axuda, e non se poderá solicitar nos seguintes 2 anos.**

Sexta. Procedemento

Se a solicitude non reúne todos os datos e documentos, requirirase a persoa interesada para que nun prazo de **10 días naturais** corrixa a falta ou achegue os documentos preceptivos, indicáráselle que se así non o fixese, teríase por desistido da petición, e arquivaríase esta.

A solicitude será estudada e valorada por Servizos Sociais nun prazo máximo de **1 mes natural**, que emitirá un informe no que poñerá de manifesto que a persoa interesada cumpre os requisitos sinalados para percibir as ditas axudas.

Excepto a dación dunha axuda de necesidade inmediata por ser extrema e urxente, que poderá ser entregada inmediatamente unha vez valorada por Servizos Sociais, as restantes deberán pasar pola Xunta de Goberno antes de ser dadas.

Contra a valoración de Servizos Sociais, a persoa solicitante terá un prazo de **alegacións de 10 días naturais**, para achegar todo o que considere necesario. Se non hai ningunha alegación, considerase como admitida a valoración. No caso contrario, de haber alegación, volverá a ser valorado por Servizos Sociais, no prazo de **5 días hábiles**.

Sétima: Límite de ingresos

A contía máxima aplicable quedará determinada polos recursos económicos da unidade familiar.

Non ter uns ingresos superiores segundo os membros da unidade de convivencia aos que se reflicten na seguinte táboa.

NÚM. DE CONVIVENTES	CONTÍA POR MES	CONTÍA CON ALUGUEIRO OU HIPOTECA
1	400 €	600€
2	550€	750€
3	700€	900€
4	850€	1050€
5	1000€	1200€
6	1150€	1350€

O Departamento de Servizos Sociais poderá valorar a concesión da axuda en casos excepcionais nos que a pesar de non cumprir os requisitos económicos se detecta unha situación de necesidade. E pola contra, tamén poderá denegala naqueles casos que valore que a pesar de non superar o límite de ingresos se observen propiedades, saldos ou calquera signo de non ter necesidade. Polo tanto, serán incompatibles estas axudas con outras procedentes doutra Administración pública, se supera os baremos establecidos.

Oitavo: Xustificación

As axudas xustificaranse mediante a presentación de facturas dos gastos realizados ou con calquera outro documento de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil que xustifique a aplicación da subvención ante os Servizos Sociais, e disporán de 1 mes natural contado a partir da data en que se efectuou o pago da axuda. No caso de necesitar máis prazo, será comunicado a Servizos Sociais.

Disposición Final Única

As presentes bases de axudas entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación e manteranse en vixencia durante o 2021, cunha posible prórroga tras a valoración do Pleno do Concello.

Negreira, 26 de marzo de 2021.

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

2021/2497